



O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais de Pontevedra ditou a seguinte **RESOLUCIÓN**:

ASISTENTES

PRESIDENTE

Antonio Crespo Iglesias
(Xefe Territorial)

VOGAIS

Amalia Elsa Pazos Pintos
(Xefa do Servizo de Montes)

Víctor Abelleira Argibay
(Representante do colexio de avogados da provincia)

Lorena Peiteado Pérez (Letrada da Xunta de Galicia)

VOGAIS REPRESENTANTES DA CMVMC DE MOURENTE

X. Carlos Morgade Martínez

SECRETARIA

Ana Belén Fernández Dopazo (Funcionaria adscrita ao Servizo Xurídico Administrativo)

Na cidade de Pontevedra, sendo as 17:00 horas do día 14/12/2016 coa asistencia das persoas á marxe reseñadas, reúnese na 2ª planta do edificio administrativo sito no nº 43 da rúa Fernández Ladreda o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra co obxecto de decidir, entre outros asuntos, sobre a resolución do expediente de clasificación dos montes denominados “**O Casal e Peimouros**”, na parroquia de Mourente, solicitados a favor dos veciños da **CMVMC de Mourente** (Pontevedra)

ANTECEDENTES DE FEÍTO:

Primeiro. Con data do 18/02/2008 Xosé Carlos Morgade Martínez en nome da CMVMC de Mourente, Concello de Pontevedra, solicita a clasificación como montes veciñais en man común (en diante MVMC) dos montes O Casal, Peimouros, Campo do Monte, Pouso da Maré e Castriño de Vilaverde a favor dos veciños da Parroquia de Mourente. Coa solicitude xunta:

- Levantamento topográfico dos montes “O Casal” e “Peimouros”, executado polo enxeñeiro técnico agrícola Ángel Bravo Portela.
- Declaración de que os usos e aproveitamentos das parcelas son os tradicionais, esquilmos e rozas para esterco, recollida de leñas, pastoreo e nalgúns existe mobiliario de pedra para uso e aproveitamento dos veciños da parroquia de Mourente.

Segundo. Con data do 04/06/2014, Xosé Carlos Morgade Martínez en nome da CMVMC de Mourente, comunica que en reunión do 05/05/2014, a Asamblea Xeral aproba: renunciar á solicitude de clasificación das parcela Campo do Monte e Pouso da Maré (instarán a súa inclusión no inventario de Bens Municipais do Concello de Pontevedra), renuncia á solicitude de clasificación da parcela Castriño de Vilaverde (incluída no deslinde aprobado por orde do 20/10/2013 no DOG do 11/11/2013).

Terceiro. Con data do 01/08/2014, o xefe da Sección de Topografía informa da posibilidade de identificación das parcelas “O Casal” de 1.526 m² e “Peimouros” de 1.008 m², da non afección a montes de Utilidade Pública, que o monte veciñal de Mourente está deslindado e non inclúe estas parcelas nin están clasificadas a nome de outras comunidades de montes veciñais. Asemade xunta montaxe sobre ortofoto e catastro das fincas “O Casal” e “Peimouros”.

Con data do 30/06/2015, o Xurado de montes acorda incoar expediente de clasificación das parcelas “O Casal” e “Peimouros” e nomear instrutora a Amalia Elsa Pazos Pintos. Este acordo notifícase o 09/07/2015 ao Concello de Pontevedra e con data do 13/07/2015 ao promotor da clasificación.

Cuarto. Á vista da documentación aportada pola comunidade e o informe do Servizo de Montes, as parcelas obxecto do presente expediente obedecen a seguinte descrición:

Concello: Pontevedra

Parroquia: Mourente

Nome do monte: “CASAL.”

Polígono 126 parcela 67

Cabida: 1.526 m² (superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Fincas particulares de Hidros. de Fernando López Cortegoso, Ramón Maceira Filgueira, Ángela Lage Ríos e Ramón Martínez Vázquez

Sur: Fincas particulares de Eliseo Janeiro Sotelo e Margarita Fortes

Leste: Finca particular de José Rey Rey

Oeste camiño a Montecelo e Vilaverde

Nome do monte: “PEIMOUROS”

Polígono 160 parcela 150

Cabida: 1.008 m² (superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Fincas particulares de Juan Solla Tomé, José Iglesias Filgueira, Luis González Villaverde e Carmen García García.

Sur: Fincas particulares de Basilio Casal Pichel

Leste : camiño de O Monte a Cons

Oeste: : finca particular de Dolores Solla Rey



Quinto. Con data do 30/11/2015, o enxeñeiro técnico forestal II do Distrito XIX emite informe preceptivo do Servizo de Montes: As fincas actualmente non soportan usos privativos incompatibles co comunal, en visita do Axente Zonal comproba que:

- Parcela O Casal. Parcela de terreo forestal situada próxima a zona habitada, na que atopa dous letreiros que din: Terreo da CMVMC de Mourente. Masa arbórea composta por carballos de distintas idades e un mato de toxos e fentos. Os aproveitamentos herbáceos e leñosos son aproveitados polos veciños do lugar.
- Parcela Peimouros. Parcela de terreo forestal con arborado de carballos e castiñeiros de distintas idades, que está rodeada de muros de pedra que pertencen as fincas dos estremeiros, que son tamén terreo forestal, agás no lado que linda cun camiño de servidume. Dispón dun letreiro que dí ser da CMVMC de Mourente. Os aproveitamentos de leñas e esquilmes son realizados polos veciños do lugar.

Sexto. Con data do 17/03/2016, o Rexistro da Propiedade núm.1 de Pontevedra certifica que as fincas das que se insta a clasificación, coa información facilitada, non se atopan inscritas no Rexistro. Ordénase as anotacións preventiva no Rexistro da Propiedade de Pontevedra, notificase o trámite de audiencia, publícase edicto no Concello de Pontevedra e no DOG o anuncio do 06 de xuño de 2016 polo que se inicia a clasificación dos montes O Casal e Peimouros a favor da CMVMC de Mourente (DOG núm.116, do 20 de xuño).

Sétimo. Con data do 14/07/2016 e dentro do período do trámite de audiencia, a CMVMC de Mourente presenta:

- Declaracións xuradas de dous veciños que aproveitan a parcela "O Casal" en réxime de comunal.
- Factura do ano 2015 de limpeza da finca "O Casal"
- Solicitud de dous veciños á CMVMC de Mourente dos anos 2007 e 2013 para aproveitamento de leñas e para cortar uns piñeiros e un eucalipto na parcela "Peimouros".

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Primeiro- O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ten a competencia para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter segundo o establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Segundo- O artigo 1 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común define o monte veciñal en man común:

"Son montes veciñais en man común e se rexerán por esta Lei os que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertenczan a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e se veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cotas polos membros daquelas na súa condición de veciños".

Deste xeito para que un monte sexa declarado veciñal en man común o aproveitamento debe quedar acreditado non só nun pasado, senón tamén no presente e de forma continuada, así o establece o antedito artigo 1 da Lei 13/1989 e as diversas resolucións xudiciais que o interpretan, concluíndo que o decisivo para a inclusión dun monte na categoría de veciñal en man común, é que resulte acreditada a constante posesión continuada do aproveitamento dos montes polos veciños promotores de xeito continuado.

Terceiro- O uso ou aproveitamento en man común das parcelas: O Casal e Peimouros, queda suficientemente acreditado de xeito documental.

Finalmente, o feito de que durante a tramitación do expediente non consten alegacións á clasificación como MVMC de terceiros que acreditan un uso privativo destas parcelas demostra que existe un aproveitamento público, pacífico e continuado en común por parte dos veciños da parroquia de Mourente, Concello de Pontevedra.

En consecuencia, vista a Lei 13/1989, do 10 de outubro de montes veciñais en man común e o seu regulamento, aprobado por Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios, de xenérica e específica aplicación, propónse pola instrutora, e o Xurado acorda por unanimidade dos seus membros: **CLASIFICAR** como veciñais en man común as parcelas “ **O Casal**” “ **Peimouros**” a favor dos veciños da **CMVMC de Mourente**, da parroquia de Mourente (Pontevedra) de acordo coa descrición reflectida no antecedente de feito cuarto e a planimetría elaborada ó efecto polo Servizo de Montes que forma parte inseparable da presente resolución.


Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto no artigo 123 e 124 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.



Handwritten signatures in blue ink, including a large signature on the right and several scribbled signatures on the left.

Sobre ortofoto Escala 1:2.500

Sobre catastro Escala 1:1.000



[Handwritten signatures in blue ink]

Clasificación da parcela "CASAL"
 CABIDA = 1.526 m.²

Clasificación da parcela "CASAL"
 Comunidade de Montes Veciñal en Man Común de MOURENTE
 Concello de Pontevedra
 CABIDA = 1.526 m.²

XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
 SERVIZO DE MONTES DO DEPARTAMENTO T. PONTEVEDRA

Xaneiro -- 2017

50m. 0m. 50m.


Escala: 1:2.500

Sobre ortofoto Escala 1:2.500

99



Sobre catastro Escala 1:1.000



Clasificación da parcela "PEIMOUROS"
CABIDA = 1.008 m.²

[Handwritten signatures in blue ink]

Clasificación da parcela "PEIMOUROS"
Comunidade de Montes Veciñal en Man Común de MOURENTE

Concello de Pontevedra
CABIDA = 1.008 m.²

 **XUNTA DE GALICIA**
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
SERVIZO DE MONTES DO DEPARTAMENTO T. PONTEVEDRA

50m. 0m. 50m.


Xonero - 2016

Escala: 1:2.500